



Xunta de PAS Funcionario

POSICIONAMENTO DA XUNTA DE PAS FUNCIONARIO EN RELACIÓN A CONVOCATORIA DE PERSOAL COLABORADOR COAS PAU

A Xunta de Persoal REXEITA a proposta exposta pola Vicexerencia de Recursos Humanos en reunión do día 15 de febreiro, de limitar as categorías de persoal que pode solicitar a colaboración coas PAU:

NON ADMITIMOS NINGÚN RECORTE NOS DEREITOS XA RECOÑECIDOS NESTE TEMA COS ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN DE PERSOAL HAI ANOS.

Asimesmo, **SEGUIMOS CONSIDERANDO IMPRESCINDÍBEL A EXTENSIÓN DA CONVOCATORIA A TODO O PERSOAL INTERINO QUE TEN OS MESMOS DEREITOS QUE O PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA.**

Ante a explicación por parte de Xerencia da imposibilidade material de ampliar a convocatoria ao persoal interino e contratado, polas limitacións materiais e humanas do Servizo de Planificación, ESTA XUNTA DE PERSOAL CONSIDERA ABSOLUTAMENTE PRIORITARIA A DOTACIÓN AXEITADA DESTE SERVIZO, ASÍ COMO O DE XESTIÓN DE PERSOAL:

A insuficiente dotación dos servizos que inciden na planificación e xestión do PAS, incide nun recorte a maiores dos que xa estamos sufrindo en si coa merma de dereitos e de prazas dende que empezou a crise. Non é admisibel que non se recoñezan dereitos por non ter ben dimensionadas as necesidades dos Servizos que teñen que xestionalos.

Universidade de Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2017

Xosefina Rosa Guitián Lema,
Presidenta da Xunta de PAS Funcionario.
Locais sindicais
Ext. 48929,14344